


# Fagamos Nosa a Enerxía

Comunidades de Montes e Comunidades Enerxéticas,  
**que ninguén quede atrás!**

Centro Sociocultural de As Pedriñas  
Mos, a 28 de xaneiro de 2023



Co apoio de:



O proxecto UP4CommunityEnergy está financiado polo Programa LIFE da UE. O contido desta actividade é responsabilidade exclusiva de Amigas da Terra e non reflexa necesariamente a opinión dos financiadores.

# Emerxencia climática!!!



## Como chegamos aquí?

Colonialismo

Extractivismo

Consumismo e despilfarro

Heteropatriarcado

Capitalismo

Neoliberalismo

Individualismo


## Como podemos/queremos saír?

- Decrecemento
- Relocalización das economías
- Soberanía alimentaria e enerxética
- Poñer os coidados no centro
- Ecofeminismo
- Crear comunidades resilientes
- Traballar desde e para o **COMÚN**

# Transición enerxética

Moito máis que a redución de emisións e a descarbonización da economía

Imaxe extraída do informe "Desatando el potencial de la energía comunitaria", ano 2019, elaborado por Energy Cities, Greenpeace, Rescoop.EU e Amigos de la Tierra



# Que é iso dunha Comunidade Enerxética?

Un instrumento para a gobernanza democrática da enerxía, na práctica vai haber tantos modelos de comunidade enerxética como iniciativas.

**Elementos fundamentais dunha CE**

- Enerxías renovables de produción e distribución descentralizada/local
- Servizos enerxéticos de proximidade
- Participación cidadá con xestión transparente e democrática
- Beneficios sociais e ambientais, ausencia de afán de lucro



# Características básicas

## Comunidade Enerxética

- Persoas físicas
- Autoridades locais
- PEMES



A participación debe ser aberta e voluntaria, baixo criterios non discriminatorios

### Obxectivos

beneficios comunitarios medioambientais, económicos e/ou sociais para as persoas socias ou nos territorios onde operen, por riba dos financeiros ou lucrativos

### Autonomía

non hai control desproporcionado por parte dos membros individuais ou persoas socias externas. Control efectivo por parte das socias que están na “proximidade” aos proxectos

# MARCO REGULATORIO

## Legislación europea

Directiva (UE) 2018/2021 relativa ao fomento da enerxía procedente de fontes renovables ➡ CER

Directiva (UE) 2019/994 relativa ao mercado interior da electricidade ➡ CCE

As dúas novas figuras xurídicas aportan novos dereitos para as comunidades:

- Cidadanía= axentes activos do sistema enerxético
- Dereito a producir, almacenar, consumir e vender a súa propia enerxía renovable
- Creación marcos xurídicos propicios para respaldar á cidadanía
- Simplificación dos procedementos administrativos
- Avaliación das barreiras á enerxía comunitaria e o seu potencial



# MARCO REGULATORIO

## Legislación española

O 30 de Xuño de 2021 era a data límite para ter traspostas as directivas europeas

RD Autoconsumo 244/2019, regula as condicións administrativas, técnicas e económicas asociadas ao autoconsumo eléctrico

RDI 23/2020, aproba medidas enerxéticas e doutros tipos para revitalizar a economía



# ESTRUTURA XURÍDICA

COOPERATIVA  
ASOCIACIÓN  
SOCIEDADE MERCANTIL  
FUNDACIÓN  
CONSORCIO

Moitas das premisas que acabamos de ver, constitúen principios operativos das cooperativas ou das empresas da economía social e solidaria



# PORQUE PARTICIPAR NUNHA COMUNIDADE ENERXÉTICA?

Estarás creando o sistema necesario para poñerlle freo á emerxencia climática, reducindo a financiación e o apoio que reciben os combustibles fósiles

Producirás a túa propia enerxía renovable, de consumidora a prosumidora!!!

Estarás construíndo o tipo de mundo que queres ver, mostrarás a outras comunidades que é posible!

Poderás reducir a pobreza enerxética

Axudarás a crear espazos para capacitar ás persoas sobre cuestións de enerxía, clima e democracia, coñecendo ás túas veciñas e veciños e reforzando a túa comunidade

Fortalecerás a economía da túa zona, contribuído á creación de unha economía local e circular



perooooo, esto non é tan sinxelo, non?

# OBSTÁCULOS

Dependeremos de persoas voluntarias e de profesionais non enerxéticos nos pasos iniciais

Conflictos internos do grupo, complexidade no uso da gobernanza interna democrática e estratexias de participación local


Falta de normativa xurídica ou malas trasposicións

Falta de comprensión do que é unha comunidade enerxética

Dificultades coa financiación, especialmente nos primeiros pasos

Permisos e licencias, trabas administrativas, constitución xurídica da sociedade...

Conexión á rede, procedemento de acceso ao mercado



# Grazas polo voso tempo!!!

Raquel Fernández

Amigas da Terra

Co apoio de:



O proxecto UP4CommunityEnergy está financiado polo Programa LIFE da UE. O contido desta actividade é responsabilidade exclusiva de Amigas da Terra e non reflexa necesariamente a opinión dos financiadores.